



PROTOCOLO DE COLABORACIÓN NO ÁMBITO DO GABINETE DE INFORMACIÓN DA EURORREXIÓN GALICIA – NORTE DE PORTUGAL (GIE- GNP) DA AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA – NORTE DE PORTUGAL

CONSIDERANDO QUE

Dende 1991, a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal teñen asinado un acordo de cooperación transfronteiriza a través do cal constitúen unha Comunidade de Traballo entre Galicia e o Norte de Portugal.

En 2010, a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal puxeron en marcha unha Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal (GNP, AECT), ao abeiro do Regulamento Comunitario 1082/2006. A Comunidade de Traballo é o paraugas onde se acubillan as institucións dos dous territorios con vistas a incrementar a súa colaboración para a construción dun espazo eurorrexional integrado, e a GNP, AECT é o brazo executor das políticas que diseña a Comunidade de Traballo.

En consecuencia, a GNP, AECT colabora coa Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal nas súas misións, coa finalidade de favorecer unha dinámica de xuntanzas regulares entre Galicia e o Norte de Portugal, para tratar asuntos de interese común no ámbito da cooperación transfronteiriza, formular propostas de cooperación entre as entidades que a integran, preparar estudos, plans, programas e proxectos para o desenvolvemento de actividades conxuntas; promover formas de relación entre estruturas, axentes e entidades públicas e privadas interesadas, que poidan contribuír ao desenvolvemento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, ofrecéndolles un espazo permanente de encontro e colaboración.



En consecuencia, e REUNIDOS

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal (GNP-AECT), representada pola súa Directora, Maria Galdes.

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), representada polo seu Presidente, José Manuel Rey Varela.

Recoñecéndose mutuamente todas as partes plena lexitimidade, capacidade e representación para acordar libremente o que as súas respectivas entidades consideren de interese para o desenvolvemento das súas funcións,

MANIFESTAN:

A creación de vínculos de unión entre as institucións de diferentes áreas de actuación, a través de colaboracións nos seus distintos niveis, ten unha gran relevancia para o desenvolvemento e a cohesión económica e social nas áreas transfronteirizas, no sentido de facilitar e fomentar a cooperación territorial. Sendo, por tanto, fundamental a valorización do tecido empresarial, a través do coñecemento e da innovación, potenciando e racionalizando os equipamentos básicos transfronteirizos e aumentando a cohesión social e institucional da Eurorexión.

A GNP, AECT é beneficiaria do proxecto "Instancias Territoriais de Cooperación: Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal" co código "0500_CT_GNP_AECT_1_P", financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, dentro do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal (POCTEP).

Este proxecto ten como obxectivo incrementar o desenvolvemento e o atractivo da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, a través do reforzo da cohesión territorial, económica e social, dinamizando un conxunto de axentes e de accións innovadoras dentro dos distintos ámbitos de cooperación transfronteiriza institucional.

Unha das actividades enmarcadas neste Proxecto consiste en desenvolver un centro de recursos para a Eurorrexión, así como a promoción dese espazo a través da creación dun Gabinete de Información da Eurorrexión (GIE - GNP), unha estrutura que agrega toda a información dispoñible sobre a Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal e que permite a colaboración entre distintos axentes do territorio e a GNP, AECT.

A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), como asociación que promove, defende e representa os intereses das entidades locais, ten entre os fins recollidos nos seus Estatutos o desenvolvemento e consolidación do espírito europeo no ámbito local. Nesa liña, e tendo en conta que os concellos, mancomunidades e deputacións son axentes moi destacados na vertebración do territorio da comunidade autónoma de Galicia, a Fegamp apoia e impulsa aquelas iniciativas encamiñadas a facilitar intercambios mutuos de información, co obxectivo de promover o desenvolvemento económico, social e cultural nos municipios galegos e a cooperación e cohesión territorial. A Fegamp empregará todos os medios ao seu alcance (páxina web, redes sociais,...) para a difusión da información vinculada coa área transfronteiriza da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Os resultados esperados con este Servizo e, por conseguinte, coa firma do Protocolo son:

- a) Promoción e difusión da imaxe dos recursos autóctonos e das potencialidades da Eurorrexión, que permita reforzar a cohesión entre institucións e entidades, así como atraer novos axentes, actividades e investimentos, tendo en conta a promoción dun desenvolvemento estruturado e centrado no territorio e os seus habitantes;
- b) Incrementar a cooperación transfronteiriza entre as dúas rexións a través da compilación de toda a información importante que facilite o acceso a contidos, contactos e coñecemento mutuo;
- c) Proxección e aumento da notoriedade externa da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, que incremente o valor, en termos de iniciativas económicas, novas actividades, recursos humanos cualificados, cantidade e calidade de turismo, produción científica e innovación, etc;
- d) Creación dunha aplicación informática que permita o uso compartido da información a diferentes niveis, mediante distintos perfís de usuario e que poidan dispoñer de información proveniente de varias fontes, contendo unha área de información pública e unha área colaborativa interna ou Intranet, así como un espazo ou repositorio onde se

fegamp
FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
President

galicia³

aloxe toda a información da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Esta información será propia da GNP - AECT ou de carácter externo;

Conscientes todas as partes de que a colaboración beneficiará a todos e co fin de profundar na unión territorial, decidiron formalizar este Protocolo e por iso

ACORDAN,

Primeiro: todos os subscritores comparten a decisión unánime de proseguir mantendo relacións de colaboración para promover o progreso, o desenvolvemento e o benestar da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal.

Segundo: todos os subscritores comprométese a facilitar o intercambio de experiencias, iniciativas e solucións a problemas comúns co fin de chegar a un consenso que facilite a consecución dos resultados mencionados anteriormente.

Terceiro: tamén se comprometen a definir un representante da súa institución, como responsable técnico pola información incluída e divulgada.

Cuarto: a GNP-AECT comprométese a ceder un espazo no Gabinete de Información da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal (GIE - GNP) para a inserción e difusión da información e documentación producida polo resto de partes, a condición de que estas a consideren de relevancia para os usuarios da plataforma.

Quinto: todos os subscritores comprométese a actualizar, periodicamente, o seu espazo dispoñible na plataforma.

Sexto: a GNP-AECT fornecerá todo o apoio necesario para que todas as partes poidan desenvolver o seu espazo e estará a súa disposición para calquera dúbida e aclaración técnica durante o período cuberto polo presente Protocolo.

Sétimo: despois de introducir a información, a GNP-AECT comprométese a revisar periodicamente o que está dispoñible e no caso de que considere algún contido desapropiado, non autorizar a divulgación do mesmo, retirándoo inmediatamente da plataforma.


Oitavo: Esta proposta de colaboración entre os subscritores entrará en vigor na data da firma do presente Protocolo, e terá un período de duración indeterminado. Con

todo, cada dous anos, os subscritores procederán a súa revisión para incluír modificacións, no caso de que fose necesario.

O presente Protocolo redáctase en dous exemplares, en idioma galego, tendo todos os documentos a consideración de orixinais.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2015.

Polo Agrupamento Europeo de
Cooperación Territorial Galicia - Norte
de Portugal



Dra. Maria Geraldés

^ Pola Federación Galega de Municipios e
Provincias (FEGAMP)



D. José Manuel Rey Varela

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
Presidencia

D. José Manuel Rey Varela